

1. DATOS IDENTIFICATIVOS DA DISCIPLINA	
CÓDIGO	NON CUBRIR
MATERIA	Historia e Teoría da Literatura Dramática
DISCIPLINA	Literatura Dramática I
TITULACIÓN	Titulación Superior en Arte dramática
ESPECIALIDADE	Dirección de escena e Dramaturxia
ITINERARIO	
CURSO	1º- (2º cuatrimestre)
CRÉDITOS ECTS	6
CARÁCTER	Obrigatoria
DEPARTAMENTO	Teoría e historia das artes escénicas
CENTRO	ESAD de Galicia
COORDINADOR/A	Carmen Abizanda Losada
DOCENTE	Nome e apelidos: Almudena Pérez de Oliveira Despacho: D4 Contacto: almudenaperezdeoliveira@edu.xunta.es Horario titorías: https://esadgalicia.com/curso-escolar/
DESCRICIÓN	Estudo dos principais textos e autores/as relevantes do período da literatura dramática universal considerado, atendendo ao momento histórico en que se crearon, ao seu contido, á forma e ao xénero e tendo en conta a especificidade das competencias do perfil profesional do/da director/a ou dramaturgo/a.
COÑECEMENTOS PREVIOS	
LINGUA EN QUE SE IMPARTE	Galego <input checked="" type="checkbox"/> Castelán <input checked="" type="checkbox"/> Inglés <input type="checkbox"/>

2. COMPETENCIAS	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS DE GRAO	
T1	Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.
T2	Recoller información significativa, analizala, sintetizala e xestionala adecuadamente.
T3	Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza.
T8	Desenvolver razoada e criticamente ideas e argumentos.
T9	Integrarse adecuadamente en equipos multidisciplinares e en contextos culturais diversos.
T14	Dominar a metodoloxía de investigación na xeración de proxectos, ideas e solucións viables.
T15	Traballar de forma autónoma e valorar a importancia da iniciativa e o espírito emprendedor no exercicio profesional.
COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACIÓN	
X1	Fomentar a autonomía e autorregulación no ámbito do coñecemento, das emocións, das actitudes e das condutas, mostrando independencia na recollida, análise e síntese da información, no desenvolvemento de ideas e argumentos dunha forma crítica e na súa capacidade para a propia motivación e a organización nos procesos creativos.
X3	Potenciar a conciencia crítica, aplicando unha visión crítica construtiva ao traballo propio e ao dos demais, e desenvolvendo unha ética profesional que estableza unha relación adecuada entre os medios que utiliza e os fins que persegue.

X5	Fomentar a expresión e a creación persoal, integrando os coñecementos teóricos, técnicos e prácticos adquiridos; mostrando sinceridade, responsabilidade e xenerosidade no proceso creativo; asumindo o risco, tolerando o fracaso e valorando de maneira equilibrada o éxito social.
X6	Desenvolver unha metodoloxía de traballo, estudo e investigación encamiñada á autoformación na propia disciplina, procurando ámbitos adecuados para a formación continuada e para adaptarse a diversas situacións, especialmente ás derivadas da evolución da súa profesión.
X7	Valorar a Arte Dramática como unha actividade integrada na sociedade e na cultura galegas, coas cales comparte obxectivos e retos.
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DE ESPECIALIDADE	
ED1	Concibir propostas escénicas que fundamentan o espectáculo, xerando e analizando conceptos, textos e imaxes e valorando as súas propiedades representativas e a súa calidade estética.
ED2	Proxectar a composición do espectáculo, utilizando todos os coñecementos estéticos e técnicos necesarios sobre as diferentes linguaxes e códigos que participan na representación.
ED5	Investigar para concibir e fundamentar o proceso creativo persoal, tanto no que se refire á metodoloxía de traballo como á renovación estética.

3. OBXECTIVOS DA DISCIPLINA	COMPETENCIAS VINCULADAS
1. Lectura comprensiva e analítica dos textos das épocas correspondentes.	T8, X3, ED1
2. Comprensión dos factores sociais, estéticos e literarios que sustentan as creacións dramáticas de cada autor.	T2, X6
3. Identificación dos autores e movemento, distinguindo os trazos singulares das súas obras e os discursos dramáticos vinculados.	T2, T8
4. Desenvolvemento da capacidade crítica aplicada á lectura e valoración das creacións literarias.	T8, X3
5. Expresión precisa e técnica das propias ideas en relación cos textos, tanto oralmente como por escrito.	T1, T8, ED2
6. Análise comparativa de textos, da mesma corrente ou de correntes diferentes, e de manifestacións artísticas diversas.	T15, T14,
7. Dominio da metodoloxía de investigación bibliográfica, incorporando as novas tecnoloxías e facendo un uso adecuado das mesmas.	T3, X1
8. Interpretación da obra dramática de xeito aplicado á especialidade de dirección e dramaturxia.	X5, ED1, ED2
9. Participación activa en presentacións e debates, defendendo con rigor as súas ideas propias, fomentando o respecto e a escoita das ideas alleas.	ED5, T8, X3, T9, X7
10. Estimulación da autonomía de traballo e o interese persoal polas materias tratadas.	T1, ED1, T2, X1, X7

4. CONTIDOS		
TEMAS	SUBTEMAS	SESIÓNS
TEMA 1: A ORIXE DO TEATRO: A TRAXEDIA E A COMEDIA GREGA	1.1. A traxedia: orixe, estrutura e características esenciais. 1.2. Principais dramaturgos gregos: Esquilo, Sófocles e Esquilo. 1.3. A Comedia Antiga: Aristófanes. 1.4. A Comedia Nova de Menandro.	10 h
TEMA 2.: A CREACIÓN TEATRAL EN ROMA	2.1. Principais etapas do teatro. 2.2. A comedia. 2.2.1. Subxéneros cómicos. 2.2.2. Plauto. 2.2.3. Terencio.	10 h

	2.3. Séneca e a traxedia.	
TEMA 3: LITERATURA DRAMÁTICA MEDIEVAL	3.1. Teatro relixioso. 3.2. Teatro profano	4 h
TEMA 4: A RENOVACIÓN TEATRAL NO RENACEMENTO	4.1. A creación dramática na Italia do século XV: Nicholas Machiavelo 4.2. O Renacemento español: Torres Naharro, Lope de Rueda, Gil Vicente.	7 h
TEMA 5: O SÉCULO DE OURO	5.1. Lope de Vega e <i>O arte novo de facer comedias</i> . 5.2. A escola de Lope: Tirso de Molina 5.3. Calderón de la Barca	10 h
TEMA 6: RENACEMENTO INGLÉS	6.1. Christopher Marlowe e os University Wits 6.2. Shakespeare 6.3. Teatro postisabelino	10 h
TEMA 7: CLASICISMO FRANCÉS	7.1. Pierre Corneille 7.2. Molière 7.3. Jean Racine	9 h
TOTAL SESIÓNS		60 h

5. PLANIFICACIÓN DOCENTE

Actividade / Número de horas	Presencial (horas)	Non presencial (horas)	Total
Actividades introdutorias	3		3
Exposición maxistral	25		25
Comentarios de texto	10	50	60
Estudo persoal, lecturas complementarias e obrigatorias		50	50
Titorías individuais	3		3
Debate e análise colectivo na aula	10	10	20
Actividades de avaliación. Probas	7	10	17
Actividades de avaliación. Revisión	2		2
TOTAL	60	120	180
PORCENTAXE	40%	60%	100%

6. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍAS DE ENSEÑANZA E APRENDIZAXE

Actividades	Descrición
Descrición	Descrición
Exposición maxistral	Exposición por parte do docente dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices de traballo e aspectos básicos para o debate co fin de fornecer na aula e directamente os contidos conceptuais mínimos da disciplina.
Comentarios de textos	Exercicio escrito de análise e crítica de distintos fragmentos literarios ou escritos teóricos referidos aos contidos da materia.
Estudo persoal, lecturas complementarias e obrigatorias	Traballo persoal do estudante para a fixación dos contidos co fin da súa demostración de coñecementos. Trátase dun traballo de estudo dos contidos fornecidos na aula, así como a lectura de textos obrigatorios e o acceso a distintos materiais recomendados pola docente.
Debate colectivo na aula	A partir dun contido ou contidos concretos, a docente propondrá cuestións para o debate que, puntualmente, poderían contemplar a posibilidade de que unha sesión ou parte de sesión consista na busca de materiais na biblioteca para a xustificación das posicións no debate.

Actividades de avaliación	Probas escritas, controis de lectura, proba de coñecementos teóricos ou traballo escrito ao final de cada tema.
7. ATENCIÓN PERSONALIZADA	
Seguimento	Farase un seguimento personalizado integrado nas diferentes actividades avaliáveis.
Orientación	Orientación respecto ás dúbidas e inquedanzas do alumnado.

8. FERRAMENTAS DA AVALIACIÓN		
8.1 Avaliación ordinaria		
Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Descrición	descrición	
A avaliación ordinaria para os alumnos que teñan dereito á avaliación continua responderá ao seguinte modelo: 1. Media aritmética dos traballos de aula propostos: a) Comentarios de texto. b) Exercicios de aplicación teórica. c) Probas teóricas. 2. Actitude. Seguimento diario: - Guías de lectura. - Participación activa, respectuosa e ordenada nas actividades de aula (debates, comentarios de textos, etc.) tanto de carácter individual coma de grupo. - Puntualidade nas entregas.	T1,T2,T3, T8,T9,T14, T15, X1, X3, X5, X6, X7, ED1, ED2, ED5	90%
IMPORTANTE ▪ Os traballos presentados fóra de prazo terán unha cualificación de 0. ▪ Calquera copia de material sacado da rede ou doutro soporte sen facer referencia explícita a súa procedencia implicará o suspenso na materia. ▪ Terán a consideración de suspensos os traballos ou exames que teñan unha redacción, presentación ou ortografía inadecuada.	T1, T2, T9, T14, T15, X1, X5, X6, ED5	10%
8.2. Avaliación extraordinaria		
Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Descrición	descrición	
Na convocatoria de xullo a avaliación da materia poderá ser:		

<p>Un exame dividido en dúas partes con:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Unha primeira parte teórico-práctica composta por un número variábel de preguntas teóricas con aplicación práctica (entre 3 e 5) vinculadas ao temario e ás obras de lectura obrigatoria da materia. - Unha segunda parte, práctica, en forma de comentario de texto na que se deberá empregar a estrutura de comentario e a terminoloxía explicada na materia. <p>Ou</p> <p>Un exame cun número variábel de preguntas teóricas con aplicación práctica (entre 3 e 5) vinculadas ao temario e ás obras de lectura obrigatoria da materia.</p>	<p>T1,T2,T3,T8,T15,X1,X3,X5, ED1, ED2, ED5</p>	<p>100%</p>
<p>8.3 Avaliación específica para alumnado sen avaliación continua / ordinaria / extraordinaria</p>		
<p>Ferramenta / actividade</p>	<p>Competencias avaliadas</p>	<p>Ponderación</p>
<p>Descrición</p>	<p>descrición</p>	
<p>Os estudantes que perdan o dereito á avaliación continua por ausentarse a máis dun 10% das horas da materia deberán someterse ao exame final na convocatoria de xuño. Como na convocatoria de xullo, o alumno deberá examinarse dos contidos aos que se refire o temario. O exame poderá ser:</p> <p>Un exame dividido en dúas partes con:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Unha primeira parte teórico-práctica composta por un número variábel de preguntas teóricas con aplicación práctica (entre 3 e 5) vinculadas ao temario e ás obras de lectura obrigatoria da materia. - Unha segunda parte, práctica, en forma de comentario de texto na que se deberá empregar a estrutura de comentario e a terminoloxía explicada na materia <p>Ou</p> <p>Un exame cun número variábel de preguntas teóricas con aplicación práctica (entre 3 e 5) vinculadas ao temario e ás obras de lectura obrigatoria da materia.</p>	<p>T1,T2,T3,T8,T15,X1,X3,X5, ED1, ED2, ED5</p>	<p>100%</p>

9. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E OUTROS RECURSOS

LECTURAS OBRIGATORIAS:

- Eurípides: *Medea*
- Plauto: *Aulularia*
- *Machiavelo: A Mandrágora*
- Tirso de Molina: *O burlador de Sevilla* ou Calderón de la Barca: *A vida é sono*
- Christopher Marlowe: *Fausto*
- Shakespeare: *A tempestade*
- Molière: *Don Juan*

BIBLIOGRAFÍA

- ARELLANO, I. (1995): *Historia del teatro español del siglo XVII*. Madrid: Cátedra.
- BLÁSQUEZ, J.M; R. LÓPEZ MELERO, J.J. SAYAS (1992). *Historia de Grecia Antigua*, Madrid: Cátedra.
- BLOOM, H. (2002). *Shakespeare: la invención de lo humano*. Barcelona: Anagrama.
- BREGAZZI, J. (1999). *Shakespeare y el teatro renacentista inglés*, Madrid: Alianza.
- CARLO, A. M. (2016). *Historia de la literatura latina*. Ciudad de México: Fondo de Cultura Económica.
- EASTERLING, E. E KNOX (eds.) (1990). *Historia de la literatura clásica de Cambridge*. Madrid: Gredos.
- GARCÍA GUAL, C. (1992). *Teatro y sociedad en la Grecia clásica*, Madrid: RESAD.
- HERMENEGILDO, A. (ed.) (1990). *Teatro renacentista*. Madrid: Espasa-Calpe.
- HUERTA CALVO, J. (1984). *El teatro medieval y renacentista*. Madrid: Playor.
- HUERTA CALVO, J. (1995). *Los géneros literarios: Sistema e historia*. Madrid: Cátedra, 2ª ed.
- HUERTA CALVO, J. (2003). *Historia del teatro español*. Madrid: Gredos. 1º vol.
- KOTT, J. (2007). *Shakespeare, nuestro contemporáneo*. Barcelona: Alba.
- LÁZARO CARRETER, F. (ed.) (1981): *Teatro medieval*. Madrid: Castalia.
- LEAL, J. (2006). *El teatro francés de Corneille a Beaumarchais*. Madrid: Síntesis.
- LESKY, A. (1966). *La tragedia griega*, Barcelona: Labor.
- LESKY, A. (1989). *Historia de la literatura griega*. Madrid: Gredos.
- LÓPEZ FÉREZ, J. A. (2008). *Historia de la literatura griega*, Madrid: Cátedra.
- LÓPEZ, A., y POCIÑA, A. (2000). *Estudios sobre comedia romana*. Frankfurt am Main: Peter Lang.
- LÓPEZ, A., y POCIÑA, A. (2007). *Comedia romana*. Madrid: Ediciones AKAL.
- MCLEISH, K. y UNWIN, S. (2000). *Guía de las obras dramáticas de Shakespeare*, Barcelona: Alba.
- MERINO, C. C. (1997). *Historia de la literatura latina*. Madrid: Cátedra.
- PORTILLO, R. (1987). *Estudios literarios ingleses. Shakespeare y el teatro de su época*. Madrid: Cátedra.
- RODRÍGUEZ ADRADOS, F. (1983). *Fiesta, comedia y tragedia (sobre los orígenes del teatro griego)*. Madrid: Alianza.
- ROMILLY, Jacqueline (1994). *La tragédie grecque*, París: Presses Universitaires de France.
- SALERNO, M. (1969). *Molière y el desarrollo de la comedia*. Buenos Aires: CEDAL.
- SEGURA MUNGUÍA, S. (2001). *El teatro en Grecia y Roma*. Bilbao: Zidor.
- TAZÓN SALCES, J. (2003). *Literatura de la época isabelina*, Madrid, Síntesis.
- URIBE, M. (1983). *La comedia del arte*. Barcelona: Destino.
- VIEITES, M.F. (2007). *Literatura dramática: unha aproximación histórica*. Vigo: Editorial Galaxia e IGAEM.

10. OBSERVACIÓNS

Para o alumnado sen avaliación continua é obrigatorio solicitar unha titoría coa docente para poder asesoralo de cara ao exame final.

Seguir a referencia APA empregada na escola para a presentación de traballos (<https://esadgalicia.com/calidade/IP701.16> Formato redacción traballos diversos [IP701.19](https://esadgalicia.com/calidade/IP701.19) Formato dos traballos)

MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a ESAD de Galicia establece unha planificación extraordinaria que se **ACTIVARÁ NO MOMENTO EN QUE A ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA O DETERMINE**, atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da presente programación docente. No suposto de que se produza unha emerxencia, a presente programación non sufrirá máis modificación que a derivada da necesidade de articular unha avaliación non presencial, para o que se establecerán as adaptacións necesarias nas actividades e ferramentas de avaliación, en relación coas competencias que se indican e coa ponderación que se sinala.

Para o caso da avaliación non presencial de toda a disciplina, as ferramentas e actividades de avaliación serían as que seguen:

En cada un dos temas da materia avaliaranse as seguintes actividades:

ACTIVIDAD 1. Guía de lectura da/s obra/s estudada/s no tema.

Competencias: T1, T2, T9, T14, T15, X1, X5, X6, ED5

Ponderación: 20%

ACTIVIDAD 2. (Ao finalizar cada tema, a docente indicará unha destas actividades):

a) Análise dun fragmento correspondente a unha das lecturas obrigatorias asociadas ao tema no que se deberá empregar a estrutura de comentario e a terminoloxía explicadas na materia.

b) Comentario crítico sobre algún aspecto da/s obra/s estudada/s nese tema.

c) Exercicio de aplicación teórica.

Competencias: T1,T2,T3, T8,T9,T14,T15, X1, X3, X5, X6, X7, ED1, ED2, ED5

Ponderación: 80%

No caso de que o tránsito se produza iniciado xa o curso escolar, o profesorado combinará a avaliación do traballo presencial do alumnado coa avaliación do traballo non presencial, determinando as ferramentas (presenciais e non presenciais) a utilizar e a ponderación das mesmas.

AS PRESENTES MEDIDAS PODERÁN SER OBXECTO DE MODIFICACIÓN EN FUNCIÓN DAS DIRECTRICES OU INSTRUCIÓNS QUE POIDA FACER PÚBLICAS A ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA, QUE SE COMUNICARÁN EN TEMPO E FORMA AO ALUMNADO POLAS CANLES HABITUAIS (PÁXINA WEB E CORREO ELECTRÓNICO).

